

# rosa caramelo
## e outras historias

de adela turín



un espectáculo dirixido por

**Paula Carballeira**

e interpretado por

**Artur Trillo e Fernando Fraga**

talía teatro

Un espectáculo para nenas e nenos onde se lle dá a volta a roles e estereotipos de xénero.

A montaxe, na que combinamos palabra e música en directo, axudará a desmontar unha serie de ideas impostas e simplificadas, pero fortemente asumidas, sobre certas actitudes e aptitudes de mulleres e homes.

Paula Carballeira será a encargada de dirixir e darlle forma a esta nova aventura desde un punto de vista de xénero, que Artur Trillo protagonizará, acompañado en escena do músico Fernando Fraga, un virtuoso do acordeón. Este é o equipo que nos achegará catro historias da autora italiana Adela Turín, publicadas pola editorial Kalandraka.



## I. Rosa caramelo

Illada nun xardín, Margarita é a única elefanta do grupo que non consegue que a súa pel sexa de cor rosa caramelo. Cando os seus pais desisten desa idea descubrirá o significado da liberdade, e abrirá o camiño da igualdade para as súas compañeiras.



## II. A historia dos bonobos con lentes

Eles comían, viaxaban e modernizábanse mentres elas colleitaban comida e criaban a prole. Pero os bonobos non aceptaban que as bonobas tamén puidesen aprender e evolucionar. O legado das autoras e ilustradoras pioneiras na creación de álbums sobre igualdade e coeducación, aínda vixente.



## III. Unha feliz catástrofe

A catástrofe pono todo patas arriba: déixaos sen fogar e altera por completo as súas vidas. Pero é a señora Rato a que encontra a solución. Dunha vida monótona, ás aventuras e aos novos roles na familia.



## IV. Artur e Clementina

O afecto e a ilusión que caracterizan o inicio da relación entre Artur e Clementina, acaban converténdose en monotonía e prisión. Clementina non se sente realizada, libre e feliz; a súa parella subestima as súas cualidades e ridiculiza as súas aspiracións.

## Adela Turín, autora

Hai máis de trinta anos, Adela Turín comezou a publicar en Italia a colección «Dalla parte delle bambine», que ao pouco tempo foi editada en España por Esther Tusquets, co título «A favor de las niñas». Converteuse nunha serie de referencia para a coeducación e a igualdade, e foi traducida a varias linguas. A pesar do tempo transcorrido, na actualidade estes libros teñen plena vixencia e seguen sendo necesarios para cambiar mentalidades e construír un mundo mellor.

**Paula Carballeira, directora**

Licenciada en Filoloxía Hispánica. Dende 1994 traballa como narradora oral; participou en programacións culturais en Galicia e noutras partes de España, así como Portugal, Brasil e Chile. Na súa faceta de actriz está vencellada ao grupo de teatro Berrobambán; tamén traballa en series de ficción para a TVG. Como escritora, publicou varios libros de poesía e de literatura infantil, entre os que figuran "Paco" e "Smara", editados por KALANDRAKA.

**Fernando Fraga, músico**

Coñecido polo seu traballo a acompañar músicos como os gaiteiros Carlos Núñez ou Óscar Ibáñez, o acordeonista Fernando Fraga inicia a sua carreira en solitario. A final de novembro vía a luz Folcromías, un disco no que se mesturan temas da nosa tradición con clásicos do acordeón como Piazzola e mesmo versións de Bach.
Ademáis é docente na Escola Municipal de Música de Cee.

**Artur Trillo, actor**

Coñecido actor da escena galega, Artur Trillo garda no seu haber numerosos personaxes interpretados tanto no teatro como na televisión. Aínda que para o público en xeral resulta máis coñecido pola súa participación na serie Matalobos, interpretando a Lois Piñeiro.

Crea a compañía Talía Teatro, que actualmente dirixe.

talía teatro

Producións Teatrais Talía S.L.
Rúa Touro, 31-3ºB
15704 Santiago
Tfnos. 981943242 _ 630877153

www.taliateatro.gal